



PARLAMENTO  
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X lexislatura  
Número 652  
3 de agosto de 2020



CSV: BOPGDSPGUHUWTSFR14  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## SUMARIO

---

### **2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**

#### **2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos**

##### **2.2.1. Composición do Pleno**

Acordo da Mesa da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia, do día 31 de xullo de 2020, polo que se acepta a renuncia de don Luís Villares Naveira como deputado do Parlamento de Galicia e se declara vacante o seu escano pola circunscrición electoral de Lugo na lista de En Marea

[203797](#)

### **4. Informaci3ns e correcci3ns de erros**

#### **4.1. Informaci3ns**

##### **Valedor do Pobo**

Resoluci3n do 29 de xullo de 2020 pola que se aproba a convocatoria para a provisi3n, polo sistema de libre designaci3n, do posto de traballo de xefe/a da secci3n de Apoio e Transparencia

[203796](#)



## 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

### 2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

#### 2.2.1. Composición do Pleno

**Acordo da Mesa da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia, do día 31 de xullo de 2020, polo que se acepta a renuncia de don Luís Villares Naveira como deputado do Parlamento de Galicia e se declara vacante o seu escano pola circunscrición electoral de Lugo na lista de En Marea**

A Mesa da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 31 de xullo de 2020, tomou coñecemento da vontade de don Luís Villares Naveira de renunciar ao seu cargo de deputado do Parlamento de Galicia, que manifestou expresamente coa súa comparecencia perante a Mesa da Cámara.

A Mesa, en cumprimento do artigo 21.4 do Regulamento da Cámara, adopta o seguinte acordo:

1º. Aceptar a renuncia de don Luís Villares Naveira como deputado do Parlamento de Galicia e declarar vacante o seu escano pola circunscrición electoral de Lugo, na lista correspondente a En Marea.

2º. Notificar este acordo ao interesado, ao G. P. Mixto, a Intervención e Asuntos Económicos e aos servizos de Persoal e Réxime Interior, de Tecnoloxías da Información e de Asistencia Parlamentaria, subliñando que a súa renuncia produce efectos xurídicos dende o 31 de xullo de 2020.

3º. Publicar o acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

## 4. Informacións e correccións de erros

### 4.1. Informacións

#### Valedor do Pobo

**Resolución do 29 de xullo de 2020 pola que se aproba a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/a da sección de Apoio e Transparencia**

Vista a proposta formulada pola xefa de Servizo de Administración e Persoal para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo xefe/a de sección de Apoio e Transparencia da institución do Valedor do Pobo,



**RESOLVO:**

Ao abeiro do establecido no artigo 7 k) do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo, aprobar a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/a de Sección de Apoio e Transparencia da institución do Valedor do Pobo, conforme as seguintes

**BASES:**

**Primeira.** Apróbase a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/a de sección de Apoio e Transparencia da institución do Valedor do Pobo que figura na vixente relación de postos de traballo (BOPG nº 596, do 24 de xaneiro de 2020).

As características do posto son as seguintes:

1. Grupo de titulación: C (subgrupo C1)
2. Nivel de complemento de destino: 25
3. Administración: pertenza, como persoal funcionario, ao corpo administrativo
4. Titulación: a correspondente ao grupo de pertenza
5. Complemento específico: 19.384,12 euros
6. Funcións que se desenvolven: tarefas de soporte nos procedementos administrativos necesarios para o cumprimento das funcións que ten atribuídas a institución do Valedor do Pobo (Acordo do 14 de xuño de 2016, da Mesa do Parlamento de Galicia, BOPG nº 660, do 16 de xuño).
7. Centro directivo: Valedor do Pobo

**Segunda.** Poderán concorrer á convocatoria os funcionarios e funcionarias de carreira de calquera administración pública, pertencentes ao grupo C (subgrupo C1).

**Terceira.** O persoal funcionario interesado poderá presentar a súa solicitude no Rexistro Xeral do Valedor do Pobo, rúa do Hórreo nº 65 en Santiago de Compostela, no prazo de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, na cal deixará constancia dos datos do posto que viñese desempeñando e dos méritos que desexe alegar.

Para participar nesta convocatoria, a persoa interesada deberá formalizar a súa petición de acordo co modelo que se inclúe no anexo da presente resolución.

Os aspirantes deberán achegar á súa petición un *curriculum vitae* e xustificar mediante certificación ou copia compulsada os méritos alegados.

Os méritos alegados e non probados de acordo co establecido no parágrafo anterior non se terán en conta.

**Cuarta.** De conformidade co disposto no artigo 7.l) do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo, corresponde á valedora do pobo a resolución desta convocatoria.

**Quinta.** A dita resolución farase pública no *Diario Oficial de Galicia*, e poderá declararse deserto o posto de traballo de considerarse oportuno.



**Sexta.** O prazo de toma de posesión da persoa seleccionada será de tres días hábiles, de estar o destino anterior na mesma localidade, de sete días se comporta cambio de residencia, ou de vinte días se comporta o reingreso no servizo activo.

O prazo de toma de posesión comezará a contar desde o día seguinte ao do cesamento nese destino, se é o caso, que deberá producirse dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución da libre designación.

Se a resolución comporta o reingreso no servizo activo, o prazo de toma de posesión comezará a contar desde o día seguinte á súa publicación.

**Sétima.** Contra a resolución pola que se aproba esta convocatoria, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante a valedora do pobo no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2020

Dolores Fernández Galiño

Valedora do pobo



ANEXO  
Modelo de solicitude

|   |                                |  |                                   |
|---|--------------------------------|--|-----------------------------------|
| Datos persoais:   |                                |  |                                   |
| <i>Primeiro apelido</i>   |                                | <i>Segundo apelido</i>                     | <i>Nome</i>                       |
| <i>DNI</i>  | <i>Data de nacemento</i>       | <i>Teléfono</i>                            | <i>Correo electrónico</i>         |
| <i>Enderezo</i>   |                                | <i>Localidade-Concello</i>                 | <i>Provincia</i>                  |
| <i>Corpo ou escala</i>  |                                | <i>Grupo</i>                               | <i>Nº R.P.</i>                    |
| <i>Destino actual</i>   |                                |  |                                   |
| <i>Administración</i>   |                                | <i>Dependencia</i>                         | <i>Localidade</i>                 |
| SOLICITO:   |                                |  |                                   |
| Ser admitido/a á convocatoria pública para prover o posto de traballo polo sistema de libre designación, aprobada por Resolución da valedora do pobo do 29 de xullo de 2020, por considerar que reúno os requisitos esixidos para presentarme ao posto de traballo que se indica: |                                |  |                                   |
| Designación do posto de traballo  | Nivel complemento destino      | Centro directivo ou unidade de que depende | Localidade                        |
|   |                                | <b>Valedor do Pobo</b>                     | <b>Santiago de Compostela</b>     |
| Tempo de servizos prestados <sup>1</sup>  | Anos                           | Meses                                      | Días                              |
| No corpo actual:  |                                |  |                                   |
| Noutros corpos:   |                                |  |                                   |
| No actual posto de traballo:  |                                |  |                                   |
| Outros destinos anteriores:   |                                |  |                                   |
| Títulos académicos:   |                                |  |                                   |
| Coñecemento da lingua galega:   | Fala: <input type="checkbox"/> | Escribe: <input type="checkbox"/>          | Entende: <input type="checkbox"/> |
| Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria:  |                                |  |                                   |
| Outros méritos que a persoa candidata desexe facer constar:   |                                |  |                                   |
| (Lugar, data e sinatura)  |                                |  |                                   |

Sra. valedora do pobo

<sup>1</sup> A data de último día de presentación de solicitudes, de acordo coa convocatoria



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

